IRMIA

REVISTA MENSUAL
DE CRENTES GALEGOS
ANO XLII
Nº 1070
De abril a
maio de 2025

Benia quen constrúe a paz!

Cantareiras das nosas vidas

Letras galegas 2025

A foto que fala

O Museo do Pobo Galego entregou a insignia de ouro ao historiador e colaborador de ***Irimia***, Felipe Arias Vilas, pola súa entrega e compromiso activo coa institución desde a creación do Padroado, no ano 1976.

O trasno

Daniel López Muñoz

Escoliñas cantareiras

As mestras cantareiras foron quedando atrás. Elas transmitiron o galego no berce, no colo, nas cantigas. Pero esa transmisión entre xeracións, foi rompendo. Que facer co noso "tesouro" colectivo? Esa debería ser a reflexión no mes do idioma galego, esa obra de arte inmaterial e colectiva que seica é máis doado louvar que empregar.

Algo haberá que facer. Contárannos hai tempo un sucedido nunha escoliña de Galicia, na que, ilusionados e inxenuos, a nai e pai dunha nena que estreaba vida escolar comunicaron á profe de infantil: "Mire, queríamos dicirlle que a nosa nena fala galego", ao que a profe, con pedagóxico remango, retrucou: "Ah, tranquilos que eso se le corrige en un par de semanas". Hoxe non diría tal, por corrección política, pero pouco máis ten. Á vista dos resultados dos modelos de ensino autonómicos, resulta paradoxal que sexan as familias que queren vivir en galego – as que seguiron aquela instrución da primeira directora xeral de Política Lingüística, que dicía: "Fálalle galego"- as que ven frustradas as súas expectativas escolares no que á lingua se refire.

A cousa é dobremente seria. Primeiro porque o bilingüismo é unha riqueza inmensa, pero é contra-intuitivo: a maneira de ter fillos e fillas bilingües -e de propina, máis facilmente trilingües ou cuadrilingües- é romper coa lousa do prexuízo monolingüe no idioma dominante. E para iso teñen que vivir espazos de uso normal e ordinario da *lingua minorizada*, naturalizala e, así, lograr un cerebro con máis plasticidade para os idiomas. E, segundo, porque así quedaría claro que non somos unha sociedade anana mental que tira pola borda da historia o "noso tesouro" colectivo.

Partindo do dato estatístico (véxase INE) de que o modelo escolar neste momento non está a garantir a adquisición de competencias lingüísticas equivalentes en galego e castelán, nunha xornada organizada polo Consello da Cultura Galega sobre "Educación e Socialización" propúxose un modelo educativo piloto co galego como lingua vehicular. Isto é "que posibilite unha liña de ensino na que o galego teña máis presenza, que se desenvolva con carácter experimental, de modo voluntario e consensuado entre todos os axentes implicados (familias e centros)".

Un modelo tipo *ikastola*, adaptado, integrado como opción no sistema, podería axudar a cambiar tendencias. Unhas escoliñas cantareiras -voluntarias, consensuadas, inmersivas, avaliables-. A fin de contas, como xa indicamos aquí, a situación actual do galego en Galicia parécese cada vez máis á situación que tiñan en Euskadi nos anos setenta do século pasado. O éuscaro avanzou, o galego, recuou.

© Foto - https://laudioikastola.eus/es/educacion/kiva

Editorial

Por unha bondade intelixente

Eduardo Galeano – de quen se cumpriu agora o décimo cabodano- adoitaba con frecuencia volver sobre algo que lle dixera no seu momento Carlos Quijano, con quen traballara no semanario uruguaio "Marcha" e a quen consideraba o seu mestre: "Non o esquezas xamais, Eduardo: Hai unha soa cousa que é moi importante, un pecado que non ten perdón. Non se pode pecar contra a esperanza"

A esperanza é aire e forza para a xente precaria en bens e dereitos, para as maiorías excluídas por nacer no lugar equivocado, para as que sobreviven nos límites sendo espectadoras do desbalde insultante da minoría privilexiada. A esperanza é horizonte para os "pouca-cousa" e vida para os "ninguéns".

Á vista do vivido nas últimas décadas, non se nos pasaba pola cabeza estar a vivir unha película apocalíptica, distópica, como a que nos relatan os informativos nestes meses. É irremediable non pensar en Trump e a súa corte servil de aduladores ignorantes. Si, o sistema desigualante, a democracia tan defectuosa, o imperialismo disfrazado de orde estable ... todo iso estaba aí. Pero mesmo os seus maiores defensores eran conscientes das imperfeccións, gardaban as formas, admitían a necesidade de regras, aínda que as incumprisen. Bendita sexa, con todo, a mala conciencia. Agora instaurouse o caos, a desvergonza, o *malismo e o matonismo.* Vivimos nunha viñeta da serie "Marvel", sabemos quen é o vilán. Hai algún súper heroe?

O supremacismo branco, anglófono e evanxelista (incrible, pero si), non é unha conduta patolóxica illada que cause unha matanza racista de 10 persoas en Buffalo- New York. Agora goberna o imperio. Gaza é a súa máxima expresión. Temos que falar deles, porque están aquí, entre nós. Teñen seguidores en Europa, en Turinxia, en Badalona e en Galicia. É un fenómeno global: unha internacional do mal, do odio ao pobre e ao diferente, da deshumanidade.

> Un exército de xente boa e solidaria é o noso súper heroe. Pero a bondade non abonda

E poden facerse con gobernos en Europa. Aí andan.

Ser boa xente é necesario. Un exército de xente boa e solidaria é o noso súper heroe. Pero a bondade non abonda. A bondade ten que ser intelixente, estratéxica. E a intelixencia que se precisa é a que valora a gravidade da situación, da ameaza, e sabe renunciar a protagonismos e liortas persoais para evitar que os supremacistas celtibéricos -polo visto, da man do PP- teñan a máis mínima posibilidade de chegar ao goberno do Estado e sumarse ao exército global de bicacús.

Porque ás maiorías precarias, traballadoras, sensatas, ...pero algo fartas.... non se lles pode roubar a esperanza.

Tribuna

Asoc. Mulleres Cristiás Galegas Exeria

Quen vai soster a Esperanza? Na morte do Papa Francisco

Non por previsible resulta menos triste a noticia do falecemento do papa Francisco. Doce anos de pontificado que, na liña de Xoán XXIII e do Concilio Vaticano II, iniciaron un cambio de rumbo na Igrexa, esa institución tan antiga como difícil de mover. *E pur si muove!* Francisco abriu camiños de encontro e de abaixamento: levou o Evanxeo ao Vaticano. Fixo fondas reformas na Curia e mellorou a transparencia económica. Retrátano tamén as súas visitas pastorais: a primeira foi a Lampedusa, en plena crise migratoria; a última, hai catro días, ao cárcere Regina Coeli de Roma.

Foi un papa en diálogo, aberto ao mundo, que renunciou aos pazos papais para vivir en Santa Marta. Vímolo no comedor, coa súa bandexa na man, sentado á mesa con quen había na casa. Puxo coto ao clericalismo, rematou co Sodalicio e coas prelaturas persoais (nomeadamente a do Opus Dei). Púxose no lugar das vítimas e afrontou con seriedade e dureza os abusos no seo da Igrexa, descabezando a quen os protexía (o caso dos bispos de Chile) e avogando pola implementación, nas dioceses, de oficinas de atención ás vítimas.

Vimos un papa esforzado na apertura da Igrexa á sociedade, que nos animaba a saír ao mundo, a pisar as periferias sen medo a luxarnos (*Evangelii Gaudium*), que apostaba fortemente polo coidado da casa común, elevando a ecoloxía a categoría espiritual e denunciando os modelos económicos que arrasan coa terra e xeran empobrecidos (*Laudato Si'*). Vímolo urxir á comensalidade aberta da fraternidade universal (*Fratelli Tutti*) e pedíunos acompañamento, comprensión e respecto ás diferenzas humanas nas distintas situacións vitais, reivindicando a tenrura como ferramenta pastoral (*Amoris Laetitia*).

Tamén lle vimos cambiar nestes doce anos a forma de vernos a nós, as mulleres. Fixo o que ningún papa fixera antes: dar os primeiros pasos cara á igualdade. Pasos tímidos, si, pero decididos. Se hoxe as mulleres ocupamos espazos de goberno na Igrexa é grazas ao empeño de Francisco.

Fixo o que ningún papa fixera antes: dar os primeiros pasos cara á igualdade.

O camiño da igualdade apenas está empezado, e non podemos menos que mirar adiante e preguntarnos: seguirá? Que pasará agora nas dioceses, nas parroquias, nos dicasterios... nos que a presenza feminina empezaba a ser relevante en cargos de responsabilidade?

E, aínda con máis amplitude, preguntámonos: que pasará co legado que Francisco deixa? Volverá o novo papa a poñer os escarpíns colorados? Volverase pechar no seu pazo? Que pasará nesas dioceses onde os seus bispos empezaban, tímidamente, a dar pasos de apertura evanxélica?

A homilía do papa do pasado domingo falaba de paz, de acollida, de xustiza nun mundo no que, cada día que pasa, se fan máis necesarias... Quen vai soster esa esperanza?

Amiguiños si...

Carlos Vázquez G.

Polos seus froitos os coñeceremos

Poida que as ameazas máis graves, inmediatas e visibles para Galicia sexan os proxectos de ALTRI e a reapertura da mina de cobre de Touro-O Pino. Isto é así por razóns medioambientais, económicas, sociais e políticas.

En efecto, de se materializaren estes proxectos, estragarase e contaminarase unha das principais arterias do corazón de Galicia, como é a cunca do Ulla; isto provocará, por unha banda, un enfisema mortal na ría de Arousa, un dos pulmóns do país, e, por outra, unha infestación insoportable do eucalipto, especie foránea e especialmente pirófila. Danarase gravemente un dos tecidos agropecuarios, marisqueiros e pesqueiros máis valiosos e condenarase o país a unha industrialización prioritaria ou meramente extractiva, depredadora dos nosos recursos, para que outros consigan, con eles, os beneficios e o valor engadido.

Socialmente, asistiríamos á degradación medioambiental e a agresión directa á saúde e á calidade de vida dunha ampla capa da poboación das vilas e aldeas da ribeira do Ulla e da ría de Arousa, amais de á evidente desvalorización das súas propiedades; destruiríanse, así mesmo, milleiros de postos de traballo, actuais e posibles, a cambio duns centos de empregos esencialmente precarios.

E desde o punto de vista político, asistimos á funesta complicidade da Xunta de Galicia coas compañías depredadoras, baixo a dirección do PP, que veu facilitando, se non impulsando, este tipo de proxectos. E non é de hoxe. Velaquí temos, por exemplo, os casos de ENCE-ELNOSA, que estragou a ría de Pontevedra; o intento, por fortuna freado, de sementar de piscifactorías todo o litoral galego, de dominio público e de especial protección; ou, no ámbito financeiro, a entrega das

© Foto: Plataforma por unha Ulloa Viva

caixas de aforro á banca foránea, renunciando á ocasión e posibilidade de construír un tecido financeiro propio de Galicia. Mostras que abondan para acreditar que os dirixentes do PP optaron adoito por defender intereses particulares e mesmo alleos ou prexudiciais para o país, por riba do interese xeral dos galegos e galegas. A política de Rueda hoxe e onte de Feijóo, con respecto á mina de Touro e a ALTRI, é exactamente a mesma. Só a presión democrática, social e política poderá impedirlles levala a termo.

> A política de Rueda sobre a mina de Touro e a ALTRI é exactamente a mesma

A oposición popular e social á mina de Touro-O Pino e a ALTRI medra a ollos vistos, malia que o tecido mediático galego, tan mercenario, tenta ocultar ou desmerecer esta realidade. Arestora, os mandaríns do PP están sós; mesmo entre os seus votantes e simpatizantes medra o desacougo. Incluso os dirixentes do PSOE, até hai uns días de perfil —talvez pola influencia residual de persoeiros como Pepe Blanco—, optaron publicamente por apoiar a oposición a estes nefastos proxectos. Daquela, o Partido Popular non debera tropezar, por enésima vez, na mesma pedra, porque só pode caer na súa deslexitimación política e social en Galicia.

En todo caso, “polos seus froitos os coñeceremos”.

... Pero a vaquiña polo que vale

David Otero

Daniel, o noso Castelao referente: 75 anos

(*grande amore*)

> " Castelao morreu en 1950 afirmándose no republicanismo que el situaba xa, ao lonxe, ...O seu nacionalismo non resultou diminuído nin pola vellez, nin pola doenza"
> (X.L. Méndez Ferrín).

Imos na celebración dos setenta e cinco anos do facerse vida eterna, como diría Manuel María, de Daniel de Rianxo, Castelao de Galiza. Toda unha vida ao servizo do pobo (do) galego e así á determinación desta nación (ela) soberana. Podemos dicir, como fai a profesora Pilar García Negro, que o de Daniel foi "toda unha vida sempre en Galiza. El, fose onde fose, nunca silenciou, o diálogo con ela". Dicir pois, que a Daniel, no seu andar vital, pensamento e obra, non podemos facelo algo inaccesible, nin insuperable. Daniel será na autenticidade (palabra da que tanto gustaba o irmán maior de Balbino de Gres, Pepe Neira Vilas), na exemplaridade, un referente esencial para as intuicións deste pobo; el posto no horizonte, no futuro, no que a estrela liberadora brille para (en) nós e que a palabra natal da nosa cultura non cale, nin se inhiba, por moito que as mans podres dos podres se poñan nas nosas bocas por silenciarnos. Ollo, que nisto, non hai vinganza, nin maldade, nós falamos de identidade, dignidade e xustiza.

En (con) Daniel temos que existir; non basta a nostalxia. Hai que adaptar o seu discurso local, global, nacional, ao facer e ás propostas do presente, xa postos no futuro. E para iso haberá pretextos para coñecer a Daniel, gustar del (contextos), para amándonos, amalo (grande amore), e non calar e movernos, pois como referente, (seguindo a P.García Negro), constitúe "unha personalidade pública na cal se unen dous dominios: o da arte -plástica e literaria- e o da actividade política, como representante maior do nacionalismo da primeira metade do pasado século".

Deixou as aspiracións, a construción de Galiza nas mans das xeracións novas, para que as alarguen

Daniel está vixente. El é un galego que desde onde estea, fálalle a Galiza. E axuda buscar saídas, pero avanzando (como A. Bóveda, agardando, pero andando). Nunca baixou a garda. Nunca perdeu o sentido da vida. Sabelo é compartir a súa proposta de ideas. Por iso, por amor a este pobo, debemos participar nelas para nos facer "sermos máis", sentirnos máis vivas e vivos, e seguir avanzando sen nos ver na soidade. Queremos, desde *o grande amore*, desde o saber de Daniel, exercer sensibilidades para loitar pola igualdade e nacionalidade de quen somos, para non ter que xogárnola nos tempos a vir?

As aspiracións, a construción, dereitos e deberes, de Galiza, Daniel deixounas, como explica X. C. Garrido, nas mans das xeracións novas para que as ensanchen e prolonguen. Setenta e cinco anos logo. Son tempos dunha nova xeira que as recolla.

Defenderemos na loita, que a memoria de Daniel estea ben viva?

O peto común

Teresa Souto Loira

As que faltan na historia: mulleres silenciadas

Mocidade que está estudando, preparando a PAU... que ledicia, que pracer dá falarlles e axudarlles a preparar en Filosofía a Simone de Beauvoir, a Hannah Arendt, a María Zambrano. E pensar: son indispensables! E recoñecer que ti mesma non tiveches a sorte de coñecelas no teu COU, e que as tiveses que coñecer na filosofía da vida, entre amizades, libros e artigos compartidos.

E cantas faltan, cantas faltades na historia, na narrativa, no conseguido e no que se consegue. **Silenciadas**, si, mais temos voz para falar, berrar, cantar, contar e sumar.

María Zambrano

Son indispensables!

Hannah Arendt

Simone de Beauvoir

Rumores de esperanza

Xan Guillén Vázquez

Pois non é tan difícil, sempre que se queira. Cóntovos.

Un grupiño de rapaces e rapazas de Lugo montou unha movida de oratoria para a rapazada dos institutos e colexios de Galicia. Están traballando moito e ben, e fan cousas xeitosas.

En Galicia, cada vez hai máis oferta deste tipo de actividades. Están o torneo que organiza a Fundación Barrié ou o Parlamento Xove, que organiza a Xunta.

O Parlamento Xove comezou sendo en galego, pero a presión dos pseudobilingües e a indefinición lingüística dos nosos dirixentes levou á decisión de que tamén fose en castelán, e coñecendo a situación lingüística neste impaís...

Porén, estes rapaces de Lugo, de +Debate, acaban de organizar un torneo de oratoria no Colexio Fingoi o día 10 de maio. Esta actividade únese á do club de debate que organizan varios concellos. As dúas integramente en galego.

Non pasa nada porque a rapazada fale galego, aínda que sexa "obrigada". Estamos para aprender, e non se ama o que non se coñece.

A ver se o Parlamento Xove volve á aprendizaxe e ao amor, porque non é tan difícil, sempre que se queira.

A peneira

Beatriz Cedrón

Co obxectivo de honrar quen se distinguise na súa vida "polos servizos prestados a Galiza", formalizouse a constitución da **Fundación do Panteón de Galegas e Galegos Ilustres**, da que participan o Parlamento galego, a Xunta, o Concello de Santiago e a Arquidiócese compostelá. A fundación asume o labor de divulgación, organización e fomento de visitas ao Panteón, onde repousan os restos de Rosalía, Castelao, Alfredo Brañas, Francisco Asorey, Ramón Cabanillas e Domingo Fontán.

eldiario.es

Non deixan de agromar novos **proxectos musicais** en Galicia, xa sexa coa aparición de novas formacións, coas agora tan frecuentes colaboracións ou a través de propostas de persoas que, formando parte dalgún grupo concreto, presentan ao tempo novas ideas en solitario ou acompañadas doutras. É o caso de Héctor Rodríguez, de Lontreira, quen publica un traballo en solitario, Montedapena, ou de Aida Tarrío, das Tanxugueiras, quen participa con Raül Refree no proxecto Gala i Ovidio.

https://ernierecords.com

Segundo o **Grup Antimilitarista Tortuga**, no 2024 o Estado español destinou 62.126 millóns de euros (1.130 € por habitante) a gasto militar, o que representa o 3,46 % do PIB. Este colectivo promove a **obxección fiscal** como acción colectiva de desobediencia civil, como desafío fronte ao poder militar e á construción dun futuro alternativo. Na práctica, materialízase destinando, na declaración da renda, a parte do imposto destinada ao gasto militar a entidades sociais que traballan pola paz e a xustiza.

https://objecionfiscal.info

A **Asociación Somos Pandeireteiras** é unha entidade sen ánimo de lucro creada no ano 2023 como espazo de sororidade aberto á creación colectiva e á transmisión, desde o posicionamento do galego como lingua vehicular, das mulleres pandeireteiras. Este ano organizan unha segunda xornada pública con catro mesas de traballo nas que se abordarán os trazos dialectais, os currículos formativos, a influencia das pandeireteiras nas persoas castelán-falantes e a tradución das coplas.

www.cultura.gal

A **agricultura e a gandería rexeneravas** van asomando nun panorama dominado durante anos por técnicas de explotación intensiva da terra e do gando. Estas prácticas céntranse na mellora e na rexeneración do solo, e producen grandes beneficios non só ambientais e para a saúde, senón tamén económicos, xa que reducen moito os custos de produción (maquinaria, combustible e agroquímicos). Optan por un laboreo mínimo, uso de abonos verdes, pastoreo planificado e fertilizantes orgánicos, entre outros.
www.creaf.cat

Producións Teatrais Excéntricas pon en escena As Desterradas, obra escrita por Carme Varela e dirixida por Quico Cadaval. A proposta teatral lévanos ao mosteiro de Albeos (hoxe en ruína), onde un grupo de monxas resiste diante do enfrontamento cobizoso entre dous grandes poderes: a coroa de Castela e os mosteiros bieitos galegos. Elas, afoutas e libres, rezan, bordan, elaboran doces e loitan en desigualdade, logrando resistir durante varios anos.
www.compostelacultura.gal

Anna Turbau retratou coa súa cámara a realidade galega dos anos 70. O seu contacto inicial co país veu da man dun encargo para documentar o proxecto de vivenda para a poboación xitana do Vao, en Pontevedra, mais a súa estancia prolongouse varios anos máis, nos que deixou testemuña da vida e do movemento social, político e sindical da época. Segundo ela dicía, o pobo galego é o gran protagonista das súas fotos. Anna faleceu o pasado mes de marzo.
https://blogger.googleusercontent.com

Ler en papel non ten a mesma profundidade que facelo en dispositivos electrónicos. O que se intuía desde hai tempo é agora obxecto de contraste científico. As pantallas e Internet facilitan un gran acceso á información, pero aumentan con elas o risco de distraccións e afectan negativamente á capacidade de mergullarnos e concentrarnos no que lemos. Así, a lectura en papel é máis conveniente porque a información e os coñecementos prenden de xeito máis firme.
www.mindicsalud.com

“A tradición é sempre contemporánea: a tradición sempre é hoxe”

Entrevista a Xulia Feixoo, etnomusicóloga e percusionista

Xulia Feixoo co pandeiro da casa do Cruceiro

Fotos: cedidas por Xulia

Por primeira vez, o Día das Letras Galegas recoñece a tradición oral, un xesto histórico que visibiliza a memoria colectiva transmitida de xeración en xeración. A investigadora, docente, percusionista e etnomusicóloga Xulia Feixoo leva anos documentando e compartindo o saber das pandereteiras, mulleres chave na transmisión da música e cultura popular. Xunto ao seu compañeiro, Guillerme Inácio, creou o proxecto Arredor da Tradición, desde o que recollen, estudan e divulgan a música de raíz con paixón e respecto. Dende Austria, onde está como investigadora visitante, comparte a súa visión crítica e apaixonada da tradición oral galega.

Por que cres que custou tanto recoñecer a tradición oral como parte da nosa literatura?
Porque a estrutura que concede tal honra está pensada para a literatura culta, con autoría recoñecida, individual e cun produto concreto escrito, como unha novela ou un ensaio. É dicir, o funcionamento colectivo, oral e non pechado de crear e recrear que ten a tradición oral non encaixa exactamente co modelo da Real Academia. Por iso tardou tanto en conceder este honor á literatura de tradición oral.

Que sería para ti un recoñecemento xusto e real ao cancioneiro popular?
Paréceme que é un éxito colectivo e un recoñecemento merecido. Pero si que hai certas violencias epistemolóxicas, como personalizar nunhas mulleres algo que é colectivo. Debería terse adicado o día ás portadoras ou á tradición oral en xeral. Tamén houbo erros como deixar fóra unha das cinco mulleres de Mens ou esquecer a parte musical, que é fundamental.

> “Temos a responsabilidade de transmitir este patrimonio e de coidalo”

Que che levou a escoller a música tradicional como campo de estudo e vida? Foi unha decisión académica ou vital, ou foron as dúas cousas?
Foi unha combinación de vida e academia. Veño dunha familia musical moi diversa. Iba ser percusionista clásica ata que descubrín o Grupo Folk no Conservatorio. Aí vin outra forma de facer música: compartir, improvisar... Un día trouxonos a Ramón Piñeiro, e el falounos do acordeón diatónico precisamente na historia musical de Galiza, un pouco como discurso contraxemónico da figura do gaiteiro creado polo nacionalismo galego. Flipéi. Quedei abraiada con esa forma de entender a música, con esa forma de facer historia e de indagar nas nosas raíces. El díxonos: “Pois creo que o ano que vén van abrir o curso de Etnomusicoloxía por primeira vez no Conservatorio Superior de Vigo”. Apetecíame continuar por aí, matriculeime e, efectivamente, rematei Historia da Arte e ese último ano estiven preparando a proba de acceso. Aí empezou Etnomusicoloxía e aí abriuse o camiño cara á miña carreira investigadora.

As informantes son conscientes da importancia que ten a transmisión do seu saber?
Son conscientes de que é valioso porque aman a música, pero non lle dan máis importancia do que fan: cantar ou tocar é como muxir ou cociñar. É parte da vida. Iso tamén é fermoso.

Sería bonito que nos contases como é unha recollida, porque igual non todo o mundo sabe como funciona.
Unha recollida é un momento no que se comparten saberes de xeito bidireccional, pero principalmente dende as informantes cara ás persoas que

“A xente nova volve divertirse na foliada. Imos na boa dirección pero hai que ser máis ambiciosos”

preguntamos. É algo moi ideolóxico, moi recíproco. Normalmente acontece nunha cociña ou noutro espazo doméstico. As mulleres son as capitanas neses lugares onde se senten súper cómodas, onde transcorre a vida, onde sempre tiveron lugar os seus afectos e os coidados dentro do fogar.
Entón, seguimos un cuestionario relativo ás cousas que teñen que ver fundamentalmente co baile comunal. Normalmente gravamos todo e facemos algún traballo de investigación ou de divulgación.

> “Somos unha marabillosa minoría e aínda hai que seguir traballando”

Fálanos dese grupo de traballo Arredor da Tradición. Que proxectos tedes actualmente?
Somos Guillerme Ignacio, o meu compañeiro, e máis eu. Compilamos, investigamos e divulgamos. Levamos dende 2007 como grupo. Fixemos libros como *Mulleres de Gargamala!* ou *Pandeiro de catro esquinas*, que sae este ano despois de dez anos de traballo. Un libro moi querido. Recompilamos testemuñas, fotografías, repertorios, partituras, entrevistas... Foi un traballo lento, pero moi gratificante. Facemos tamén homenaxes, roteiros, foliadas con informantes...

Elas teñen medos á hora de tocar nun escenario?
Claro. Cada unha é diferente. Hai apisonadoras como Lucinda ou Teresa dos Cucos, pero outras precisan máis seguridade. Acompañalas nese proceso é marabilloso.

Como chegades ás informantes?
Porque antes de chegar á cociña hai traballo previo: ir a zonas que sabes que son de pandeireta, facer un barrido, como que vas triangulando. Levas moitos chascos, pero tamén descobres cousas moi chulas. Logo está a técnica de ir ao bar, á taberna, e preguntar que mulleres saben tocar: funciona bastante ben!

É un traballo fermoso.
Si, incrible. Estou moi agradecida porque, cando é domingo, teño moitas ganas de que sexa luns para ir traballar.

No libro sobre Maruxa das Cortellas falas dunha muller que gardou un saber a piques de desaparecer. Que lle debemos a ela e a tantas outras?
Pois, en concreto, a Maruxa das Cortellas debémoslle coñecer moi en profundidade como era o repertorio do pandeiro. Porque, efectivamente, o pandeiro pode ser un instrumento presente en todo o país, igual que a pandeireta, pero que se viu desprazado polo ben que funciona a pandeireta, e o pandeiro empezou a quedar un pouco máis arrinconado.
Maruxa foi a única da súa xeración que quixo aprender a tocalo. Foi quen nos puido ensinar como era ese instrumento, porque senón non teriamos rescatado case nada.

Viches un cambio real nos últimos anos na forma en que a mocidade chega á música de raíz?
A xente nova volve divertirse na foliada e está empezando a non asociar a música tradicional con escenografías ríxidas. Imos en boa dirección, pero creo que temos que ser máis ambiciosos. Somos unha marabillosa minoría e aínda hai que seguir traballando. Pero si, si, creo que mudou bastante. Eu son moi optimista nese sentido.

Nos últimos anos vimos unha fusión da música tradicional galega con xéneros contemporáneos. Que opinión che merece esta evolución?
Si, a min paréceme estupendo. Eu creo que temos un país moi talentoso e que temos artistas marabillosas que deben ter autoestima cultural, e está moi ben que beban da súa tradición e

Exposición Cantareiras, no Museo do Pobo Galego, na que se poden ver traballos de Arredor da tradición

“Cantar e tocar é igual que cociñar ou muxir as vacas. É parte da vida”

Arredor da tradición pandeirando con Prau Llerón de Mieres e Toxo e Froles de Ferrol

da súa identidade para expresarse. Preocúpame moito máis o que acontece fóra dos escenarios, o que non está atravesado polo capitalismo, o que fai comunidade ou a tradición oral como xeito de vivir, de entender o mundo doutra forma diferente, como unha das poucas cousas que se salvan desas lóxicas neoliberais.
Para unha vez que o mainstream nos favorece, pois imos aproveitarnos!

“Pandeiro de catro esquinas, sae este ano despois de 10 anos de traballo”

Sentes que ti tamén es unha transmisora?

Si, eu creo que desde que nos introducimos no mundo da música e do baile tradicional temos que ser conscientes de que xa somos transmisores. Durante moitos anos, vendéronnos tamén, un pouco para desactivarnos politicamente, que a tradición acabara, que xa morreran as que sabían e que xa estaba.

Pero, en realidade, a tradición non funciona así. Aparte, mesmo a UNESCO, que é unha institución certamente conservadora, recoñece que a tradición é sempre contemporánea: a tradición sempre é hoxe.
Por tanto, nós tamén somos portadores. Temos ese dereito de acceder a todo ese patrimonio, porque tamén temos a responsabilidade de transmitilo e de coidalo.
Desde ese punto de vista, si, eu son transmisora. Pero a Lucía tamén o é, e ti tamén o es se cantas e bailas.

Cóntanos un momento clave no que sentiches que o teu traballo estaba tendo eco.

Cando comezamos cos obradoiros de pandeiro. Notamos que o instrumento se recuperaba e que o discurso acompañante calaba. Comecei a ver que a xente nova repetía ideas que eu compartira en conferencias. Foi moi emocionante.

Cando foron os primeiros obradoiros?

No ano 2000. Logo coas redes sociais, que non me entusiasman, pero si axudan a chegar. Se usas mensaxes profundas, funcionan moi ben.

Agora mesmo estás en Austria.

Si, como investigadora visitante no Instituto de Etnomusicoloxía. Estou traballando con Kendra Stepputat, especialista en etnocoreoloxía. Analizo as dinámicas de improvisación e o que achegamos individualmente no baile comunitario. Veño aprender das súas metodoloxías. Aquí teñen ferramentas moi avanzadas para analizar o movemento no baile, e iso pode ser moi útil para o noso contexto tamén.

Se tiveras que escoller unha soa canción do cancioneiro tradicional galego para gardar para o futuro, cal sería?

Ai... Pois escollerei a xota de Maruxa das Cortellas. É moi fermosa e moi icónica. Pero tamén diría algunha das que cantan Otilia e Hermosinda.

Como che gustaría que fose recordada Xulia Feixoo dentro de 50 anos?

Pois como unha rapaza entusiasta, comprometida, riquiña —espero—, que fixo todo o posible para que este país fose un pouquiño mellor a través da música.

Letras Galegas

Mero Iglesias Dobarrio

DAS MIÑAS CANTAREIRAS

Participo feliz neste evento prometedor e reivindicativo, con persoas que coñecín e que me agasallaron cun galano fundamental da nosa Cultura Tradicional. Transmitir -como elas fixeron- serve para poñer en estima un mundo auténtico e "paralelo", de sabedoría, socializador, inclusivo e de entendemento da nosa historia máis próxima. E serve tamén para estimarnos. Tentativas de reconstrución desta casa que nunca tivemos en propiedade: Cultura popular e tradicional desconsiderada tantas veces e Memoria a través da oralidade, do son e da narrativa.

Si, non é teoría, senón agasallo. As miñas recollas son talleres de memoria presencial, chea de tenruras e, a partir delas, de creación de vida e encontro. En realidade trátase de contar historias arredor de música e da palabra, pois a música é un relato que -coma o retrato- dá a dimensión da persoa que se interpreta e se dá a saber. Son pequeniñas cousas rescatadas do esquecemento ou do desleixo no que a nosa cultura tradicional malviviu.

Como compilador de material orellei múltiplas informacións, fixen arquivo para que non se perderan e hoxe vaian aos fondos do APOI, no Museo do Pobo Galego. Recollín con preferencia narracións e cantigas, nese mundo máxico da música no que se permitía contar un canto ou cantar un conto. Interesábame a súa achega ao coñecemento de Nós, da Lingua -coas súas variantes zonais-, tamén como canle para entender e relatar a nosa historia máis certa.

As voltas da vida leváronme a onde o destino tivo a ben. Fun dar a unha zona da montaña da Coruña. Desde o meu traballo docente comecei a buscar, a buscarme, a coñecer persoas e a súa cultura tan distinta e, á vez, tan igual á miña, chairega ela, de orixe. Vivín con elas e con eles, analicei, escribín, aprendín. Fun un secante de imaxes, sons, modos e traballos. Namorei daquela, desta cultura e desta xente. Refráns, ditos, recitativos, nomes, adiviñas, contos, lendas, imaxes, fotos, nomes das pezas dos apeiros, de carros, de arados, de fincas, de lugares, toponimia e micro-toponimias xa inexistentes, mitos, costumes, curacións, oracións, músicas de gaita, cantigas, obras para-teatrais, chistes, costumes, veneracións, significados de lugares, ritos, soidades, silencios, etc. Miles de matices, nesa ousada recolleita.

O meu alumnado sumouse e nas aulas foi tamén motivo de estudo. Nos textos de Galego estaban agora tamén presentes a súa madriña, o seu avó, os veciños. Validábase aquela cultura que crían sen valor, por ese complexo de inferioridade que nos inocularon. Iniciábase así unha recolla en directo e por inmersión, non "de pasada" como outras, moi dignas, que

Letras Galegas

DAS MIÑAS CANTAREIRAS

Maria Blanco Cardelle

tamén se fixeron. Era unha didáctica do amor propio. Aquí quedei, sigo e seguirei para asombrarme, cada día, do enorme potencial, ese mesmo que perderemos se non sabemos atoparnos nel, na ingratitude do esquecer, do esquecernos.

Comecei hai cincuenta e moitos anos este xeito de vivir, de romancear días e noites. Aínda alucino diante do pasado, sintetizado en experiencias, en gravacións que dan creto do que fun atopando. Nesta pequena incursión falarei tan só de tres persoas, mulleres que soñaron cantando e contando. Poderían ser homes, mais este ano nas Letras Galegas as mulleres serán protagonistas. E non sen tempo! O certo é que foron sempre elas as máis coidadas para transmitir. Nos meus arquivos están moitas máis mulleres ca homes informando. E entre elas hai moitas que me poñen no difícil transo de peneirar. Quedarán para outra ocasión a Cega de Miranda ou a de Gondel, a de Xirón, Aurelia de Triabá, Ermitas de Mesía, Gumersinda de Visantoña, Estrella Ferreño de Xanceda, María Carro de Cumbraos, Carme Cancelas de Lanzá, ...etc. Non serei eu quen discrimine a ninguén, mais debo escoller a tres e aí van:

A señora María Blanco Cardelle

De Lanzá, Mesía. Chamábanlle "de Villaverde" -apelido do home, para distinguila das outras Marías de Lanzá. Muller encantadora e afable, faladora e atenta, sempre disposta a agradar, moi relixiosa e devota dos santos, sobre todo dos do arredor. Cociñaba de marabilla, arte gastronómica en silencio, cos compoñentes precisos das viandas e sobremesas. En tempos tiveran estanco e taberna. Tiña unha familia moi numerosa e de moitas fillas e un fillo. Ai, os seus pratos que tantas veces aínda evoco gratificados na memoria! Ai, aquel pavo á laranxa! Comezaba cun recendo que se espallaba por todo o aire, aínda antes de entrar na casa. Que cousas!

Teño gravacións dela con relatos, cantigas, oracións -algunhas escribiumas da súa man nun caderno e din conta delas no *Breve Breviario* que escribín. Contoume historias de paxaros, das formas dos niños que facían, das cores dos seus ovos. Cantoume cantigas das festas e romarías, dos traballos, das aquelas máis oportunas para cada labor, dos romances de Moralinda e Moravella, pezas de encontro e de socialización, coplas sempre enxeñosas e moi ben cantadas, con relatos ben levados daqueles tempos de atrás que ela viviu e cos que me agasallaba cada vez que tomabamos unha tisana. Tanto era o seu enxeño, que tamén me deixou saber das súas propias creacións, feituras de máxicas memorias como as dos "churruchaos" e dos "mouros", das lendas e contos e daquela historia que ninguén nos contou aínda, dos castros, das medorras,

Liberata Rolán López

DAS MIÑAS CANTAREIRAS

toda a secuencia que enche os lugares que non contan os libros, mais quedaron prendidas na memoria da xente e reflicten a enorme ilusión de vivir.

A señora Xesusa Suárez Iglesias

De Olas, Mesía. Xesusa de Olas aínda asiste ás Romaxes cando lle quedan preto ou polo arredor. Vén a elas sempre con Gúmer, o cura de Visantoña, militante fiel deste sentimento do rural e do servizo, e trae a Xesusa que participa entusiasmada e vive a música e o baile en directo, sabe sorrir por riba das que veñan mal dadas. Nalgunha das romaxes cantou e tocou a pandeireta con nós, coa Quenlla, no escenario. Sempre de bo humor. É única, capaz de erguer das cinzas e de facer erguer aos que con ela estean, pois colle a pandeireta e ponse cantar e a facernos esquecer penas en toda a contorna. Mata así penas e mágoas. Ponse a cantar, que agora xa non baila como bailaba, e espanta o mal como pode, porque aos 90 anos atácalle algo a reuma. Cando bailaba era moi boa trazando espazos e figuras no aire, cadencias elegantes conciliadas con movementos de ledicia e de conforto. É filla do señor Rafael e da señora Elvira, grandes amizades e informantes veraces, que me deron a versión da "Carolina", da "Foliada de Olas" e moitas outras. Fun un máis da familia e informáronme, xunto a ela, que tamén asexaba axudando aos pais, despois dos traballos e enchendo as longas soidades dos invernos. É sobriña do Sr. Ramiro, cego que vendía cupón da Once e sabía moitas cantigas, un dos mellores informantes que atopei, que daba clases de música, guitarra, piano e percusión na Coruña. Foi quen me levou onda o Cego de Aldixe e ao Sr. Ramón da Grabanxa, con quen tocara nunha orquestriña e acordaba, precisamente, a parte que buscaba da Rumboia e que aínda me faltaba, aquilo que todos cantamos de *Federico Antón*

Xesusa Suárez Iglesias

marcha mañana, Federico Antón para La Habana. Teño de todas e todos eles gratísimas lembranzas e moitas gravacións, xoias que ilustran aquilo que fomos, o que aínda somos e que, se somos conscientes, poderemos ser.

A señora Liberata Rolán López

De Campobecerros, Castrelo do Val, Ourense. Naceu en 1924 e viviu os últimos anos en Lugo. Coñecín a súa faceta de cantadora por amizades que me falaron da súa gran capacidade para fabular soños. Teño, por sorte, cento e pico de cantigas e relatos cantados, papeis onde anotaba -para non perder memoria- as claves dalgunhas historias, fotos e os seus datos. A súa vida foi un exemplo do que é vivir a música. Gravou na súa voz, coa súa gravadora, os versos que sabía e dos que fixo gala, algúns escoitados de vello e outros que fixera para poñer en estima determinados aconteceres, necesarios para dar conta do vivido. É así que teño nas miñas gravacións aquel Paragüeiro que engaiolou á Carmeliña; os versos de Lucus Augusti, dos médicos do Hula que tan ben a trataron, a nova de cando veu o Papa a Santiago, verbas ao San Froilán, da xubilación da peseta, poemas que fixo ao vir para Lugo, versos dedicados ao Gadis, versos da Festa do Rosario ou á Divina Pastora de Campobecerros, ou a unha ovella que lle morreu, á Festa do Rosario, a Lucía cando foi a Eurovisión,... pintando no parque, aos recordos, ao burro de Xaquín, aos panadeiros, ás follas amargas, á muller divorciada, a Santiago de Compostela, a Alberto e Asunción que mataron os terroristas, ao carbón requisado, á súa vida, á Expo 92, Radio Exterior, Muro de Berlín, versos a un álamo que cortaron para facer unha rotonda, consellos aos mozos da acampada, e moitas outras cantigas que encheron de música todos os sitios onde Liberata andou, deixando ronsel de ledicia.

Cantareiras. Seres marabillosos. Collín a tres, fíos condutores dunha infinita luz de entusiasmos, aquela que pode reconfortarnos co pasado e facernos tomar terra, na nosa propia terra, diante de prexuízos dunha sociedade que non observa nin escoita aos maiores, e así perde a súa sublime experiencia.

Irimia en lila

Rosa M. Andión Otero

A muller e a política dos coidados

Arredor do 7 de abril celébrase o *Día Mundial da Saúde*. Trátase de poñer en valor o dereito a unha vida digna a partir dun sistema médico que debe ser eficiente e universal. Lémbrase a necesidade de ampliar o concepto de saúde, non só como ausencia de enfermidade, senón como consecución do benestar físico, psicolóxico, social e ambiental (segundo a propia definición que fai a OMS).

Pois ben, a meirande parte do que afecta ao benestar das persoas recae nas mans das mulleres. Somos conscientes de soster a vida desde sempre, desde que nace ata que finaliza. Si, somos as principais responsables da política dos coidados, tanto das persoas como da terra. Hai unha clara feminización dos coidados: ás nenas e nenos, ás persoas maiores, no noso país e noutros, son mulleres —en moitos casos— as que coidan moito e ben (aínda que, en xeral, son pouco coidadas).

Parece que hai melloras no ámbito da saúde física (máis recursos en prevención, máis opcións de tratamentos e máis cirurxías non invasivas; en xeral, con matices, a ese nivel si que se avanzou). Pero cómpre subliñar que, nun aspecto tan esencial como é a saúde mental, esta segue moi por debaixo da atención digna e humanizada que merece. A estatística das patoloxías actuais vai en aumento; algunhas parecen propias da era consumista e neoliberal, e xa comezan na infancia, pero sistematicamente quedan, moitas veces, na mera fase diagnóstica ou nunha intervención medicamentosa. A política da saúde mental segue a estar lonxe de ser atendida con coidado: medicadas, si, pero bastante desenfocadas da atención personalizada e digna que este tema merece. A sociedade avanza e a esperanza de vida medra, pero tamén medran as doenzas mentais e da alma —se é que son distintas... cousa que, nalgúns casos, dubido—. Aquí a espiritualidade feminina sabe ben da política do coidado desde o acompañamento.

Gabriela Mistral (1889-1957)

Conectando co principio: este ano o 7 de abril ten no seu lema como centro ás mulleres: *"Comezos saudables, futuros esperanzadores"*, poñendo o foco na importancia da saúde materna e neonatal para sensibilizarnos e traballar na necesidade de investir recursos humanos e materiais no benestar das mulleres embarazadas e nos partos saudables. Este enfoque é tan urxente como necesario. Se queremos vivir desde a esperanza, temos que comezar pola mellora da saúde integral desde o nacemento, desde os coidados prenatais, poñendo o centro na maternaxe e nas pre-mamás, suprimindo a instrumentalización dos embarazos e partos. As experiencias falan de certos maltratos perpetuados nos diferentes sistemas sanitarios, que deberían tratar ás mulleres embarazadas como protagonistas da súa saúde e da criatura que nacerá. Que dicir dos países en vías de desenvolvemento, nos que a duras penas existen coidados xinecolóxicos e neonatais... Haberá que garantir uns mínimos para que ese lema sexa real para todas as mulleres do planeta, independentemente do lugar de nacemento, da condición social e doutras variantes.

A OMS lexislará para o coidado das mulleres que son tratadas como "ventres de alugueiro"

Aquí non vou abrir outro "melón", pero pregúntome se a OMS lexislará e mobilizará algo para o coidado das mulleres que son tratadas como "ventres de alugueiro"... Non son capaz de poñerme na pel desas experiencias de "maternaxe"...

Iso que entendo como toda unha espiritualidade da saúde e do bo trato, temos que reaprendelo, temos que conquistalo, case sempre en espazos alternativos, desaprendendo moitas normas, cánones, vicios aprendidos e sanando camiños que foron, ás veces, de "malestando".

Quero rematar amosando o descubrimento diario de que a vida é relación e todo é circular, así que vou relacionar esta proposta de traballo na revolución da política dos coidados coa poesía de Gabriela Mistral, que, por certo, naceu un 7 de abril, en Vicuña (Chile), e foi a primeira muller latinoamericana gañadora dun Premio Nobel de Literatura, no 1945, por unha obra marcada pola sensibilidade e polo compromiso social, en especial en temas de amor, maternidade e xustiza...

Seguimos explorando con tenrura a cara da vida dos coidados, enfatizando o xeito do *Bo Trato*.

Ler para camiñar

Colectivo Abrente

Conversas con Bieito Santos

No pasado ano 2024 apareceu publicado pola editorial SEPT o libro de conversas co crego obreiro Bieito Santos quen vai debullando a súa vida coas voces de Silvestre Gómez Xurxo e Francisco Domínguez, recentemente falecido.

Nestas breves liñas pretendemos incentivar o achegamento e a lembranza de Bieito, coa lectura desta obra tan vitalista e palpitante, libro e vida cristiá, de evanxelización no mundo obreiro e da loita, antes que sexa loito, a prol de que a lingua galega sexa inserida na praxe litúrxica.

O carácter dialóxico do libro imprímelle dinamismo e dótao dunha dimensión temporal omnipresente e un tanto omnisciente: as voces que interpelan ao Bieito saben dun xeito participante e compartido dos feitos referidos, ben sexa por testemuña directa ou por mediación de amigos comúns.

Isto confírelle unha trama ao libro moi áxil, cómplice, tamén deste lado, pondo as letras do revés en retorno a palabra viva, a oralidade da que saíron.

Dende a chegada a Vigo no ano 1970 o Bieito oriéntase cara ao mundo laboral, que o sitúa nos estaleiros ASCON, e vive en comunidade no barrio de Teis, nas Flores, a carón doutros curas obreiros. Ao tempo achégase ao grupo cristián de Xaime Seixas, membro tamén, coma Bieito Santos, da Compañía de Xesús, comprometéndose coa tarefa de pular pola liturxia en galego.

O Bieito chega a facer xornalismo nun programa radiofónico propio en Radio ECCA, en Vigo, e outros traballos como articulista e redactor en boletíns e outras publicacións. Quizais isto sexa o menos coñecido do Bieito en contraste co traballo manual como operador montador en ASCON durante sete anos.

Bieito foi tamén sindicalista destacado, xunto a Guillermo Fontán ou Ricardo Castro, entre outros, membros da USO (Unión Sindical Obreira, sindicato de raigame cristiá e praxe asamblearia, mesmo con predicamento de autoxestionaria).

ASCON tivo un peche patronal (febreiro de 1978) de sete meses e foi nese tempo que a súa figura acada, sen el o pretender, unha grande proxección pública como cura obreiro. Noutro eido máis específico o Bieito é un grande animador da HOAC (Irmandade Obreira de Acción Católica).

No ámbito da Igrexa dos Apóstolos ata hai ben pouco os sábados de tarde oficiaba unha misa en galego e brindaba axuda espiritual e material aos máis necesitados, atendida a freguesía naturalmente.

Outra actividade suliñable son os cursos de soldadura impartidos persoalmente a xentes inmigradas, maiormente de África, para capacitalos na entrada do mundo do traballo.

Neste libro achégase moita información, mesmo da infancia e adolescencia do Bieito, de orixe cambadesa. Asemade, conta coas valiosas declaracións do seu compañeiro de traballo e amigo Guillermo Fontán e da sua sobriña Mar Santos, engadidos que dan unha nota de intimismo ao libro.

Ficamos satisfeitos se con estas liñas somos quen de incentivar a incorporación ao diálogo de todos vós nestas conversas.



O Noso Taboleiro

Christina Moreira Vázquez

Convite a toda a moi benquerida xente de Irimia

O día 24 de xuño deste ano, a unha hora aínda imprecisa e nun lugar ben preto de Compostela, daráselle á que vos escribe a encomenda de seguir os pasos e imitar o traballo das miñas compañeiras bispas da Asociación de Mulleres Presbíteras (ARCWP), á que xa sabedes que pertenzo, exercendo o servizo como presbítera na Comunidade do Home Novo, na Coruña, desde hai máis de dez anos.

Está a medrar o número de persoas que nos chaman desde Europa, e precisábase alguén para acollelas, acompañalas no camiño e na formación e tamén, se chegase o momento, para ordenalas. Serei bispa, mais cumprirá explicar que dun xeito ao que non estamos afeitas. Alí veredes, se vides!

Ese día convídovos a acompañarnos: á comunidade coruñesa, á comunidade inclusiva de presbíteras, ás nosas bispas —virán tres das fundadoras, dúas do Danubio— e a esta servidora, que forma parte de Irimia desde hai tamén moitos anos.

Convídovos a vir pregar e celebrar connosco que o Materno Espírito abre camiños novos onde parecía non haber, desbroza vellas corredoiras e dá azos para seguilos.

Faríame sumamente feliz ver os vosos benqueridos rostros entre a xente, ver os vosos sorrisos e escoitar as vosas voces. Compartir a comuñón e o amor da terra e da súa xente. A

celebración farase en varios idiomas, sendo o galego a lingua principal.

Por diversas razóns, sobre todo de espazo e seguridade, será indispensable anotarse previamente.

Tfno: 676 817 226
christinamoreirav@gmail.com

Apertas con amor e en comuñón con todas e todos vós,

Olladas Ilustradas

Roberto Álvarez

O verdadeiro loitador

Edita: Asociación A. IRIMIA - Dende setembro de 1981
Coordinación da edición: R. García.
Consello de redacción: Daniel López Muñoz, Luís Gómez Aldegunde, Lidia Campos Chan, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez, Lucía Santiago Díaz, Marta Sopeña Font, Rubén Aramburu Molet, Tino Santiago, Baldomero Iglesias Dobarro (Mero), Xan Guillén Vázquez, Teresa Souto Loira, Christina Moreira, María Pereiro, Xabier Blanco, Clara Baliñas, Marisa Vidal, Xosé Lois Vilar, Lois Ferradás, Olga Álvarez, Beatriz Cedrón Vilar.
Colaboradores: Victorino Pérez Prieto, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Tareixa Ledo Regal, Valentina Formoso Gosende, Antonio Pinto Antón, Carmen Soto Varela, Carlos Vázquez, Jessica Souto Loira, Josecho de la Torre Culler, Gumersindo Campaña Ferro, Xaquín Campo Freire, Nieves Espiñeira Medín, Francisco Almuíña, Alfonso Mascuñana Bordas, Antón Laxe, Josecho Barca López, Felipe Arias Vilas, Elvira Santos, Beatriz Mosquera, Madó Domínguez, Anuncio Maroño, Clara Raposo, Beatriz García Turnes, Belén Caballo, Manuel García Turnes, Roberto Álvarez.
Recepción de artigos e colaboracións en: asoc.irimia@gmail.com

Subscricións:
Telf.: 615 464 095 / irimia@irimia.gal
Ordinaria: 35 Euros, de Apoio: 50 Euros. Cota de socio: 10 Euros.
Para asuntos da asociación non relacionados coa revista: irimia@irimia.gal
Conta: Fiare Banca Etica
ES10 1550 0001 2500 0078 9628
Depósito Legal: C-1417-81
Tirada: 450 exemplares
Deseño e maquetación: TallerDD (Riveiro)
ISSN: 2172-9182
Imprime: TÓRCULO Artes Gráficas
Distribúe: IMPACTA
Edición electrónica: http://irimia.gal
Feito en papel reciclado

Actividade subvencionada pola
Deputación DA CORUÑA

Boa Nova

José Ignacio González-Faus[1]

Os novos ceos e a nova terra

Un dos grandes fallos do cristianismo histórico foi querer saber de máis sobre o ceo. Con esa teima por esculcar por riba das nubes, o cristianismo esqueceu por veces que do ceo só se pode dicir fundamentalmente unha cousa: "que toca a terra". Ou, mellor, dúas cousas: que o ceo é Deus mesmo comunicado, e que esa comunicación "toca" esta terra xa agora.

Os teólogos explican que a resurrección de Xesús non é (non pode ser!) un acontecemento "histórico", aínda que "toque" esta historia. Porque se o fose, daquela unha acción que só pode ser exclusiva de Deus, converteríase nunha acción coma as nosas. Co que Deus deixaría de ser Deus e quedaría posto ao nivel de calquera axente intra-histórico.

O que dixen significa que se a resurrección non é un acontecemento histórico (aínda que si "toca" a historia), tampouco a revolución pode ser un acontecemento histórico, por máis necesaria que siga sendo.

E agora escribo deliberadamente "revolución" porque esta é unha das palabras que mellor pode servir para unha pedagoxía do que é a resurrección. A súa pequena razón tiña aquel que dixo que sen "insurrección" non hai "resurrección". Era como dicir que a transformación que a resurrección implica, non será un suceso histórico, pero afecta á historia. Vaia se afecta. Por iso a biblia empéñase en falar non do "ceo" -coma nós- , senón dos "novos ceos e a nova terra".

Polo tanto, tocar a historia, marcala, afectala, "fecundala" se se quer. Máis nada, case que nada máis. Iso é o que podemos dicir do ceo.

1 - Teólogo xesuíta recentemente falecido. Texto tomado do seu libro "Migajas cristianas".

Falando da lingua

Lidia e Valentina

Rescatando palabriñas

Sumidas na morriña, na nostalxia, estoutro día estivemos en cas Currás e pedímoslles unha esqueira... Despois de botaren unha risada, dixéronnos "Ai, miñas fillas, nós esqueira non temos... Non sei se non queredes unha escada... Tamén vos podemos traer un escairo, que ben vos ha chegar para subir aí arriba...". Nós ben entendemos que algo para agatuñar nos habían de traer; agora ben, estaba a haber unha diferenza no concepto... Pois si, trouxéronnos un escairo!, o que para nós era unha simple esqueira de man, unha esqueira, unha escaleira pequena!

Ao chegar á casa, botamos man do dicionario polo e- e... nin rastro de "escairo"!!! Recorremos ao *Dicionario de Dicionarios* e... si! Alí estaba, recollido xa desde o 1884 no dicionario de Leandro Carré Alvarellos. Ademais de con outros significados, co de "escaleiriña de man, de 2 ou 3 chanzos". Quizás vós teñades a palabra para chamarlle a outros obxectos: 1) a esas chantas que hai nun valo para permitírennos acceder a unha veiga, ou 2) como un banco de madeira con respaldo, mesmo 3) como cama moi alta que había antigamente nas cociñas... O caso é que consideramos que rescatamos unha palabra para o noso vocabulario de todos os días!

E outro tanto nos pasou coa "marmela"..., que nos veu hoxe á cabeza e que recordamos da boca de Delia. E outro tanto nos pasou coa "marmela"..., que nos veu hoxe á cabeza e que recordamos da boca de Delia. Tampouco a atopamos no dicionario da RAG! Nós hoxe empregabámola para denominar esa pel que lle colga ás vacas ou ás cabras, por debaixo do pescozo. Ao mellor vós chamádeslle "barbela". As dúas están no *Dicionario de Dicionarios*; o da Real Academia Galega recolle con este significado "barbada", "badana", "barbadela", "papeira" e "papo".

Cando buscamos "marmela", tamén atopamos "marmelo", a froita do marmeleiro, coa que se fai ese doce con azucre tan rico e que tan ben sabe con queixo, con calquera, pero especialmente co queixo da man... é dicir, o que se fai, ou se facía, na casa! Brandiño, un chisco acedo, delicioso... Do marmelo sae a marmelada, aínda que tamén se pode facer de amorodos, mazás, cabaza .

Para rematar, e de cara a ir homenaxeando as nosas letras e as nosas cantareiras, compartímosvos uns versos que nos regalaron unhas veciñas, tan anónimas coma esas mulleres todas que conservaron a nosa poesía de tradición oral. Os vesos de Xosefa, cando lle pedimos que nos contase un conto, foron:

Cóntame un conto,
fríteme un ovo,
méteme un pau de virar
por un ollo!

E Marina cantounos:

Do outro lado do río
Do outro lado do río
Hai unha pombiña branca
Que está morrendo de frío!